

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: ESTABLECIMENTO DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE AMES E A ASOCIACIÓN SEN ÁNIMO DE LUCRO SOS ANIMALIA PARA O CONTROL DAS COLONIAS FELINAS

EXPEDIENTE: 2018/G003/000040

ANTECEDENTES:

A presenza de gatos salvaxes nos núcleos urbanos amienses, especialmente en Bertamiráns, é cada vez mais numerosa. Con frecuencia atopámoslos concentrados en grupos que colonizan espazos públicos, solares etc. A tradicional convivencia entre home e gato, convértese nun grave problema que rompe o equilibrio dunha antiga relación beneficiosa para ambas partes, afectando non só ao benestar animal senón tamén á propia convivencia veciñal e a calidade de vida dos amienses.

A particular natureza destes felinos fai que non sexan animais susceptibles de adopción sen embargo seguen a precisar dunha atención humana específica, facéndose necesario por unha banda dar solución a problemática social sen olvidar o benestar das poboacións animais.

Neste senso a metodoloxía CES (Capturar-Esterilizar-Soltar) parece ser a mais idónea para o control das colonias felinas dende un punto de vista integral (ético e de protección animal, en clave de convivencia veciñal, e tamén respecto a un uso eficiente dos recursos públicos), e como tal é reivindicada, por asociacións de protección animal e cidadás concienciados, ante as Administracións públicas.

Un número incontrolado de gatos xera suciedade, cheiros, riscos sanitarios e ruidos. Todo isto sumado a gran reproductiva da especie felina e a que o trasvase da colonia implicaría o traslado do problema a outra zona facéndose necesaria a plicación dun método mais efectivo.

Cando se controla unha colonia felina mellórase a calidade de vida das persoas e dos propios gatos. Conséguese que o número de gatos quede nun número fixo de individuos e nos aseguramos de que estes teñan un control sanitario. Os gatos sans son unha garantía de salubridade e hixiene no vecindario.

Por outra banda os gatos estériles son menos ruidosos e xerarán menos cheiros, xa que os machos deixarán de disputarse ás femias e de marcar o territorio con ouríns e dexeccións.

O número controlado de gatos pode chegar a supoñer un gran beneficio xa que actúan como praguicidas e raticidas naturais.

Lexislación aplicable:

O **artigo 25 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases do Réximen local**, dispón que o Concello, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e que no apartado 2) establece como **competencia propia a protección da salubridade pública**.

Paralelamente o **artigo 26 da Lei de Benestar animal**, dispón que os concellos poderán establecer lugares destinados a colonias felinas controladas como un posible destino das comunidades de gatos sen propietario/a que vivan na rúa, sempre que as condicións do contorno o permitan, co fin da súa protección e control poboacional. Os gatos integrantes destas colonias deberán ser capturados para a súa marcaxe, esterilización e control sanitario.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro: formalizar o convenio de colaboración ca asociación sen ánimo de lucro sos animalia para o control das colonias felinas

Segundo: Aprobar o modelo de convenio e asinar co conveniado según o modelo seguinte

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE AMES E A ASOCIACIÓN SEN ÁNIMO DE LUCRO SOS ANIMALIA PARA O CONTROL DAS COLONIAS FELINAS

En Ames, ade de 2017

REÚNENSE:

Dunha parte José Miñones Conde, alcalde do Concello de Ames, asistido pola secretaria do Concello, Rosa Ana Prada Queipo,

Doutra parte xxxxxxxxx.en calidade de presidente da asociación sen ánimo de lucro SOS ANIMALIA

C.I.F.: P - 1500200 - I

Todas as partes comparecen, recoñecéndose de modo recíproco capacidade xurídica, lexitimidade suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente convenio e na súa virtude

MANIFESTAN

Que a presenza de gatos salvaxes nos núcleos urbanos amienses, especialmente no núcleo de Bertamiráns é cada vez mais numerosa concentrándose en grupos que colonizan espazos públicos, solares etc , provocando que a tradicional convivencia entre home e gato, se converta nun grave problema que rompe o equilibrio dunha antiga relación beneficiosa para ambas partes, afectando non só o benestar animal senón tamén a propia convivencia veciñal e a calidade de vida dos amienses.

Os problemas xerados polas colonias felinas poden ser abordadas de distintas maneiras, considerando que o protocolo de actuación baseado en Captura-Esterilización-Solta (MÉTODO CES), é o mais apropiado porque garante o benestar animal, evita a superpoboación felina e permite un control sanitario que reverte nunha garantía de salubridade e hixiene no vecindario.

Entendendo ambas partes a conveniencia de poder desenvolver neste concello actividades tendentes ao logro dos obxectivos anteriormente sinalados, chegan ao presente convenio de colaboración polo que se regulan as labores de voluntariado que serán prestadas neste Concello pola Asociación SOS ANIMALIA, con suxección ás seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRO: É obxecto do presente convenio regular as labores de voluntariado que serán prestadas neste municipio polos membros da asociación SOS ANIMALIA, co obxectivo de establecer un protocolo CES (captura-esterilización e solta) como programa de control e protección da poboación felina de Bertamiráns.

SEGUNDO: A asociación SOS ANIMALIA, comprométese a non recibir beneficio económico polas labores de voluntariado que en todo o relacionado neste convenio preste o seu persoal no Concello de Ames.

TERCEIRO: As labores de captura, traslado a un centro veterinario, solta e xestión dos exemplares, as realizarán os membros da asociación adscritos ao proxecto CES, e farase da maneira mais respectuosa posible cos animais e cos cidadáns, axustándose a normativa vixente.

CUARTO: A alimentación das colonias felinas a realizarán os membros da asociación adscritos ao proxecto CES, e deberán proceder de maneira discreta, sen xerar molestias aos veciños nin residuos.

No caso de que o Concello habilite algunha caseta, os voluntarios da asociación SOS ANIMALIA depositarán alí pienso seco, e a limpeza destas casetas correrá a cargo dos voluntarios.

QUINTO: As labores de esterilización e marcaxe serán levadas a cabo polas clínicas veterinarias de Bertamiráns, e o custe será asumido polo Concello de Ames.

SEXTO: A asociación SOS ANIMALIA se compromete a entregar na Concellaría de Medio Ambiente :

-O nome dos voluntarios que participan no proxecto CES (na captura, no traslado, solta, na alimentación etc..)

-Un rexistro actualizado do número de gatos da colonia, así como unha ficha de cada animal onde consten as súas características tales como descrición, idade aproximada, data de captura, zona de captura, lugar de solta, etc e observacións oportunas.

SÉTIMO: O presente convenio de colaboración comenizará a súa vixencia a partir da firma do mesmo e terá unha duración dun ano, prorrogable anualmente ata un máximo de dous anos.

Dada a natureza da colaboración prestada, é vontade de ambas partes que a mesma perdure no tempo sempre que se cumpran os obxectivos marcados. Así mesmo a colaboración poderá extinguirse a petición dunha das partes e para iso deberá comunicarse formalmente, por escrito, á outra parte, con ao menos 15 días de antelación.

Asociacións que leven a cabo o protocolo CES, de maneira que capturarán os animais, os trasladarán aos servizos veterinarios, e os soltarán posteriormente na mesma zona. A asociación tamén se encargará de levar un rexistro actualizado da colonia

O alcalde

José M. Miñones Conde